



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

**PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL DA ÁREA MUNICIPAL DE CULTURA (EXPDTE. 2019/E001/000007).**

### **FASE DE OPOSICIÓN. 1º EXERCICIO. CUESTIONARIO TIPO TEST. RECLAMACIÓNS**

En Ordes, a 25 de xuño de 2020, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE TÉCNICO EN XESTIÓN CULTURAL DA ÁREA MUNICIPAL DE CULTURA**, convocada por resolución de alcaldía de data 18 de novembro de 2019.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.
- Javier López Lage, Técnico de xestión Administración Xeral da Deputación Provincial.

#### **Escusa a súa asistencia por motivos de enfermidade:**

- Ana Beatriz Oveja Villafane, Secretaria-Interventora do Concello de Tordoia.

Actúa como Secretaria do Tribunal, María José Nartallo Penas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente a dar conta das reclamacións suscitadas á valoración realizada correspondente á **Fase de oposición. 1º exercicio. Cuestionario tipo test.**

- **REBECA MARIÑO SOUTO**, con DNI nº \*\*\*\*0967C, presentada con data 19/06/2020, rexistro de entrada nº 202099900000478.
- **MARCOS GÁNDARA COSTA**, con DNI nº \*\*\*\*7678J, presentada con data 21/06/2020, rexistro de entrada nº 202099900000492.
- **MELINA MARÍA REGUEIRA VARELA**, con DNI nº \*\*\*\*5598D, presentada con data 23/06/2020, rexistro de entrada nº 202090000002996.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### RECLAMACIÓN PRESENTADA POR MELINA MARÍA REGUEIRA VARELA

A Base 9ª reguladora do proceso selectivo, sinala que ao remate de cada un dos exercicios reunírase o Tribunal para efectuar a valoración dos mesmos, levantándose do resultado da mesma, a cal publicarase na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello, para xeral coñecemento e para os efectos de posibles reclamacións, as cales deberán presentarse no prazo improrrogable de tres días desde a publicación.

A data de publicación da valoración da Fase de Oposición. 1º Exercicio. Cuestionario Tipo Test foi o día 17/06/2020, rematando o prazo de tres días hábiles para os efectos de posibles reclamacións o día 22/06/2020.

A reclamación formulada pola recorrente foi presentada fora de prazo, polo que non pode ser tomada en consideración, debendo ser rexeitada.

### RECLAMACIÓN PRESENTADA POR REBECA MARIÑO SOUTO

Solicita, unha vez revisado o cuestionario de respostas correctas/incorrectas publicado na páxina web municipal, que se revise a puntuación outorgada, correspondéndolle unha valoración total de 1,60 puntos [(20 respostas correctas) (8 incorrectas) (2 en branco)].

A reclamante non enumera as 20 repostas que considera correctas. Revisada a corrección realizada polo Tribunal das respostas contestadas pola recorrente, non se aprecia ningún erro na puntuación total outorga 1,45 puntos [(19 respostas correctas) (9 incorrectas) (2 en branco)].

O Tribunal acorda non estimar a reclamación presentada, manténdose a valoración efectuada.

### RECLAMACIÓN PRESENTADA POR MARCOS GÁNDARA COSTA

O reclamante sinala que na Pregunta nº 4 son respostas correctas tanto a alternativa a) como a alternativa b). Na pregunta nº 5, o cuestionario de respostas correctas/incorrectas publicado na páxina web municipal indica como resposta correcta a alternativa a), cando a resposta correcta é a alternativa b).

O art. 14 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, sinala que os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo: **Letra f) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.** **Letra k) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.** O cuestionario tipo test na pregunta nº 4 sinala como respostas



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

alternativas a) A liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico, b) A defensa xurídica nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional e c) A mobilidade na súa condición de funcionario de carreira. A única resposta correcta é a letra a) que se corresponde co sinalado no art. 14.k) do R.D. 5/2015, de 30 de outubro. A defensa xurídica nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional so é un dereito de carácter individual dun empregado público cando esa defensa xurídica en procedemento xudiciais é como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos, non con carácter xeral que é o que indica a resposta alternativa b) da pregunta nº 4.

Existe un erro no cuestionario de respostas correctas/incorrectas publicado na páxina web municipal ao indicar como resposta correcta a alternativa a), cando a resposta correcta é a alternativa b).

O Tribunal acorda non estimar a reclamación presentada en relación coa pregunta nº 4, e estimar a reclamación presentada en relación coa pregunta nº 5, acordándose revisar a corrección realizada da pregunta nº 5 de tódolos aspirantes que concorreron á Fase de oposición. 1º Exercicio. Cuestionario tipo test, sendo as puntuacións finais asignadas a cada aspirante nesta fase, as seguintes:

### FASE DE OPOSICIÓN: 1º Exercicio. Cuestionario tipo test

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
ABAJO VEGA, NOEMI	****9904A	1,55
BELLO SANTOS, VERONICA AMELIA	***0375F	N.P.
CEBRAL GOMEZ, SANDY MARIE	****6467S	N.P.
CELA MARTÍNEZ, IRIA	****7293J	N.P.
COLMENERO ROMERO, EVA	****7891N	N.P.
EIRIZ GALLEGU, MARTA	****1638F	N.P.
FERREIRO SANJURJO, SILVIA	****2519E	0,70
GANDARA COSTA, MARCOS	****7678J	2,25
GARCIA CARNEIRO, ANDRÉS	****6628S	1,80
GARCIA LÓPEZ, MARÍA CORAL	****0480T	0,90
GONZÁLEZ REY, MARIA EMMA	****6157M	1,30
IGLESIAS MIRÁS, LUCÍA	****4042D	1,25
MARIÑO SOUTO, REBECA	****0967C	1,45
MERINO MOURIÑO, PATRICIA	****9671Z	N.P.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

MUÍÑO NAVEIRA, SILVIA	****0969J	N.P.
OTERO FERNÁNDEZ, MARÍA LUISA	****9560L	N.P.
OTERO RAMOS, ANA LUCÍA	****2831V	1,85
PALMEIRO OJERO, TATIANA	****7947Z	N.P.
PAZ MILLÁN, PAULA	****1439D	0,75
PENA FERNÁNDEZ, LAURA	****4113B	0,95
PESO LAGO, ALEJANDRO MANUEL	****2864B	N.P.
PRIETO VIEITEZ, CECILIA	****4933G	N.P.
RAPOSO VARELA, MARÍA	****8377M	N.P.
REGUEIRA VARELA, MELINA MARIA	****5598D	1,50
RIVAS GONZÁLEZ, XOSÉ RAMÓN	****6591V	N.P.
RODRÍGUEZ MONTESERIN, ALEJANDRO MARCOS	****0784N	N.P.
RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, SORAYA	****6675S	0,80
RODRÍGUEZ VIQUEIRA, NATALIA	****4521K	N.P.
SUEIRO FOJÓN, JULIA	****6089K	1,20
VILLASENIN BELLO, ROCÍO	****7198A	N.P.
VILLASENIN IGLESIAS, RUBÉN	****6973P	0,90

\*A proba teórica considerase superada coa obtención dunha puntuación mínima de 1,5 puntos.

### APROBADOS

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
GANDARA COSTA, MARCOS	****7678J	2,25
OTERO RAMOS, ANA LUCÍA	****2831V	1,85
GARCIA CARNEIRO, ANDRÉS	****6628S	1,80
ABAJO VEGA, NOEMI	****9904A	1,55
REGUEIRA VARELA, MELINA MARIA	****5598D	1,50



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Tribunal acórdase convocar aos aspirantes para a realización do Segundo Exercicio da Fase de Oposición (Proba práctica), o día 2 de xullo de 2020, ás 10:00 horas, que terá lugar no salón de actos, baixos da Alameda (rúa Xoxardo), Ordes.

**\*De conformidade co establecido no art. 6 do R.D. Lei 21/2020, de 21 de xuño, os aspirantes deberán concorrer a esta proba provistos de máscara.**

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección resolvendo as reclamacións suscitadas poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente



Jesús Carreira Salvadores